



RESOLUCIÓN do 9 de novembro de 2023, do tribunal designado para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio.

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 19 de outubro de 2023 para cualificar o proceso selectivo para ingresar por promoción interna en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, convocado e aprobadas as bases por acordo da Mesa do Parlamento do 3 de xullo de 2023 (BOPG número 521, do 10 de xullo de 2023) acordou, de conformidade co disposto na base 6.1.1. que o primeiro exercicio terá lugar o **xoves 16 de novembro de 2023, ás 10.00 horas, na Sala Rosalía do Parlamento de Galicia.**

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso á sala onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.

Este exercicio, segundo o apartado 6.1.1 das bases, consistirá nun cuestionario composto de 50 preguntas e 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha delas é correcta. Non se descontará puntuación por respostas incorrectas.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora (1h) e valorarase de 0 a 15 puntos. Cada pregunta se valorará con 0,30 puntos polo que se necesitarán 25 ou máis respostas correctas para acadar os 7,5 puntos necesarios para superar este primeiro exercicio.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2023

O presidente do tribunal
Xosé Antón Sarmiento Méndez